



DEPUTACIÓN OURENSE
PRESIDENCIA

COPIA

DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE REXISTRO XERAL	
27 ABR. 2017	
N.º ENTRADA	N.º SAIDA 7562

En contestación á petición de data 16 de marzo, con nº de rexistro 7741, en relación coa súa solicitude relativa á actividade preparatoria da segunda misión comercial USA a Ourense, xúntase copia das notas de prensa que reflicten as xuntanzas que o Presidente do goberno provincial mantivo en Nova York e Washington no mes de marzo de 2017. Nelas dase conta das reunións mantidas (Waterkeeper Alliance, American Sustainable Business Council, Brookings Institution, United States Department of Commerce, Embaixada de España en USA, Cámara de Comercio USA-Spain) e conclusións das mesmas.

O retorno previsto para esta misión, solicitada polas entidades empresariais da provincia como sucedeu na primeira edición, é positivo pois tal foi o resultado da US Trade Mission de 2016. Esa é a razón de repetir unha actividade innovadora que posiciona a Ourense e permite relacións comerciais en sectores estratéxicos da nosa economía como o agroalimentario ou o tecnolóxico.

Xúntase certificación orzamentaria que posibilitou esta viaxe preparatoria.

Lémbrolle que, de acordo cos termos previstos no artigo 16.3 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF), e no artigo 227 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia, todos os membros da Corporación Provincial deben gardar reserva en relación coas informacións que se lles faciliten para facer posible o desenvolvemento das súas funcións, singularmente, das que servirán de antecedentes para decisións que aínda se encontren pendentes de adopción, así como para evitar a reprodución da documentación que se lles poida facilitar, en orixinal ou copia, para o seu estudo.

Ourense, 27 de abril de 2017

O PRESIDENTE

José Manuel Baltar Blanco.

FRANCISCO JOSÉ FRAGA CIVEIRA- deputado provincial do Grupo PSdeG-PSOE.

Grupo PSdeG-PSOE.- Deputación Provincial de Ourense.